

PROXECTO E-LBE

Lectores electrónicos nas bibliotecas escolares

2012-2014



PROXECTO E-LBE

En novembro de 2012 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria puxo en marcha un proxecto para a incorporación dos lectores electrónicos nas bibliotecas escolares, denominado Proxecto E-LBE, no contexto do Plan LÍA de bibliotecas escolares, e dirixido aos centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas. Fíxose chegar aos centros integrados neste programa unha convocatoria específica para que aquelas bibliotecas interesadas puidesen presentar a súa solicitude.

Tivéronse en conta tres criterios fundamentais á hora de seleccionar os centros beneficiarios deste programa:

- ✓ Presentación de solicitude
- ✓ Nivel de actividade da biblioteca do centro (segundo memoria do curso inmediatamente anterior)
- ✓ Centros situados no ámbito rural (en función da clasificación dos concellos, por densidade de poboación, do IGE, Instituto Galego de Estatística).

Nunha primeira fase, seleccionárase un grupo de 25 centros, de entre as solicitudes recibidas, aos que se remitiron lectores electrónicos para as bibliotecas. Posteriormente, ampliouse o programa con outros 90 centros aos que se lles asignaron contías para a adquisición de lectores electrónicos co mesmo fin.

Os centros interesados comprometíanse a participar coa súa valoración, nun breve estudo sobre as posibilidades destes dispositivos de lectura, co fin tamén de recoller as súas iniciativas e coñecer as dificultades da súa utilización no contexto das bibliotecas escolares e da *Hora de ler*, ou outras actividades a prol da lectura no centro.

Xustificación

Asistimos na actualidade a importantes cambios na forma de presentar os textos e de acceder á súa lectura, coa incorporación de novos soportes e novos artefactos (lectores electrónicos, tabletas, e outros), que cómpre ir introducindo na biblioteca escolar, co fin de que o alumnado poida coñecer de primeira man, e coa orientación do profesorado, os novos soportes.

Porén, a incorporación dos lectores electrónicos nas bibliotecas conleva certa complexidade, pois a industria editorial e a industria tecnolóxica están aínda probando soportes e formatos, e procurando solucións a problemas que se presentan. Unha das incógnitas por resolver é a mellor fórmula para realizar os préstamos de lectores e de libros electrónicos no contexto específico das bibliotecas dos centros de ensino. Entre tanto, é desexable que o alumnado teña acceso a estes soportes e que o profesorado poida probar as posibilidades que ofrecen, na mellora da competencia lectora e no desenvolvemento de hábitos de lectura, ámbolos dous obxectivos do Proxecto Lector de Centro.

A biblioteca escolar debe adaptarse ás necesidades educativas emerxentes porque:

- ✓ É un espazo privilexiado para a integración natural da cultura impresa e da cultura dixital.
- ✓ Debe garantir que todo o alumnado teña acceso aos recursos culturais dispoñibles, e compensar así as desigualdades sociais.
- ✓ Como **centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe**, debe contribuír á **multialfabetización** do alumnado.
- ✓ Constitúe o instrumento fundamental para a formación das lectoras e dos lectores.

Obxectivos do Proxecto E-LBE

- ✓ Introducir os dispositivos de lectura electrónica nas bibliotecas escolares do Plan de mellora
- ✓ Facilitar o acceso do alumnado a novas prácticas lectoras, coa orientación do profesorado e nun contexto favorable á lectura.
- ✓ Coñecer distintas posibilidades de uso dentro do contexto escolar
- ✓ Valorar, xunto co profesorado, as mellores fórmulas para a utilización dos libros electrónicos nas bibliotecas escolares.

Dispositivos de lectura

Os expertos recomendan optar por lectores de tinta electrónica cando o que se busca é, simplemente, o acceso a libros electrónicos. Tendo en conta esta cuestión e os obxectivos do programa escolléronse para a primeira fase (e recomendáronse na segunda) este tipo de dispositivos, á vista tamén doutras das súas características:

- Experiencia de lectura pouco agresiva.

- Batería de longa duración
- Están pensados só para a lectura (aínda que teñen tamén acceso a internet, e poden reproducir música)

Recomendacións aos centros

As bibliotecas integradas neste programa recibiron a recomendación de definir algunhas cuestións antes de ofrecer a profesorado e alumnado os lectores:

- O uso que se ía facer do novo equipamento
- Os destinatarios máis axeitados.
- As normas de uso (compromiso, autorización, tempo, limitacións...)
- Un protocolo para a adquisición de libros por parte da biblioteca.

Elaboráronse dous documentos de apoio para a posta en marcha da iniciativa nos centros: o díptico E-LBE. E-lectores nas bibliotecas escolares¹ e a selección de recursos electrónicos relacionados coa lectura dixital². Así mesmo puxéronse á súa disposición algúns materiais de dúas bibliotecas que xa contaban con lectores electrónicos, a fin de que puidesen coñecer a súa experiencia, así como unha selección de recursos relacionados coa lectura electrónica e páxinas para a descarga de títulos libres de dereitos.

Lembrábase, por outra parte, a necesidade de integrar o novo equipamento nas directrices para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro, especialmente as que van destinadas a:

- *Ampliar a experiencia lectora*
- *Mellorar as competencias de lectura comprensiva*
- *Desenvolver hábitos de lectura*
- *Adquirir competencia no uso e tratamento da información e dos recursos dixitais.*

Detallábase, tamén, que a biblioteca escolar debe poñer o enfoque nos contidos, así como nas necesidades de lectura e de aprendizaxe do alumnado (e da comunidade educativa no seu conxunto) e que o que interesa, nestes momentos, é **ampliar as experiencias de lectura.**

¹ Dispoñible en http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/folleto_e_lbe.pdf

² Dispoñible en http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/ENLACES%20DE%20INTERESE_ELBE.pdf

Os centros participantes comprometíanse a participar, coas súas valoracións, na elaboración dun informe sobre a posta en marcha de lectores electrónicos nas bibliotecas escolares a través deste Proxecto E-LBE.


VALORACIÓN DO PROFESORADO

A finais do curso 2013/2014 remitiuse aos 115 centros participantes neste Proxecto E-LBE un formulario web (xunto co contrasinal para garantir a privacidade), a fin de recoller as valoracións do equipo de biblioteca en relación coa súa experiencia cos lectores electrónicos. Respostaron ao formulario, no prazo sinalado, 105 centros. A partir das súas respostas podemos extraer algunhas conclusións e coñecer o alcance desta experiencia.

1. Características dos lectores electrónicos


Propuxéronse os seguintes aspectos a cualificar de 1 a 5 (sendo 1 o menor valorado):

- ✓ Atractivo do dispositivo para o alumnado
- ✓ Utilidade na biblioteca escolar
- ✓ Posibilidades de uso para o profesorado
- ✓ Facilitade de uso para o alumnado
- ✓ Adaptación ao alumnado e ás súas necesidades
- ✓ Oportunidade ou pertinencia deste recurso nas bibliotecas escolares
- ✓ Capacidade para estimular o gusto pola lectura



O gráfico reflicte claramente a valoración positiva e moi positiva do profesorado na meirande parte dos aspectos polos que foi preguntado. Soamente diante da pregunta sobre a *Adaptación dos dispositivos de lectura ao alumnado e ás súas necesidades*, o 44% das valoracións cun 4 superan ao 28% dos equipos de biblioteca que valoran cun 5 este aspecto. Aínda así, un 70% dos equipos o valoran positivamente. No resto, a maior parte dos equipos puntúan co máximo (5). Obsérvase que preto dun 6% dos equipos participantes non considera útil estes dispositivos nas bibliotecas escolares e que un 3% non lle ve posibilidades de uso para o profesorado.

No formulario de valoración pedíase o detalle dos modelos de lectores electrónicos empregados, máis aló dos primeiros Sony PRS-T1 entregados directamente aos centros do primeira fase (estes lectores acadan unha puntuación media de 4). Os centros seleccionados na segunda fase adquiriron lectores de marcas e modelos moi variados. Son maioritarios os das casas Sony e Kindle (Amazon):



Son tamén moi ben valorados (aínda que minoritarios) os modelos da casa BQ. Acadan menores puntuacións os modelos de Tagus ou o específico da FNAC.


A opción da consellería, neste proxecto E-LBE sempre foi optar por lectores electrónicos que permitan acceder a recursos en formatos o máis abertos e normalizados posibles (epub, pdf...), sen pecharse a ofertas concretas ou formatos propietarios.

2. Respecto da xestión dos dispositivos para o seu uso

As bibliotecas que recibiron ou adquiriron lectores electrónicos dentro deste Proxecto E-LBE incorporaron os dispositivos de lectura segundo o criterio dos membros do equipo de biblioteca, dentro da súa dinámica habitual de traballo. Co fin de coñecer a

súa satisfacción sobre a xestión dos lectores electrónicos, a través do formulario se pedía a valoración dos seguintes aspectos:

- ✓ Dificultade ou facilidade para a descarga de libros electrónicos de dominio público.
- ✓ Dificultade ou facilidade para a adquisición de libros electrónicos "de pago".
- ✓ Posibilidades de acceso a libros electrónicos de dominio público.
- ✓ Posibilidade de acceso a libros electrónicos "de pago" desde a biblioteca escolar.
- ✓ Fórmula empregada para o préstamo de libros electrónicos a través dos lectores electrónicos na biblioteca escolar.




Segundo podemos apreciar no gráfico a valoración é amplamente positiva, aínda que se poden identificar os aspectos nos que cómpre buscar mellores resultados. Un 52% dos equipos de biblioteca non parece que tiveran problemas para a descarga de libros electrónicos de dominio público. De feito, un 56% valora positivamente a posibilidade de acceso a libros electrónicos libres de dereitos de autor (puntuán cun 4 ou 5). Aínda así, nun 22% de centros parece que houbo dificultades á hora de acceder a libros electrónicos de dominio público (puntuán con 1 ou 2). O 43% dos centros parece que tiveron tamén dificultades para acceder a títulos "de pago" desde a biblioteca escolar (valoracións menores, 1 ou 2). Por outra parte, o 58% dos equipos parecen estar satisfeitos coa fórmula atopada para levar a cabo o préstamo de libros electrónicos na biblioteca.

3. Sobre as vantaxes dos lectores electrónicos

Hai algúns tópicos que soen atribuír grandes vantaxes aos dispositivos de lectura electrónica e a través deste estudo podemos recoller a valoración do profesorado que tivo a oportunidade de introducilos nas bibliotecas escolares. Pedíuselles a súa opinión sobre os seguintes aspectos:

- ✓ Portabilidade (capacidade para levar varios libros nun só dispositivo)
- ✓ Economía de espazos (maior número de títulos a disposición dos lectores na biblioteca, en menor espazo)
- ✓ Prestacións (permite o subliñado, a selección do tamaño da letra, etc.)
- ✓ Ergonomía (lectura cómoda, consumo reducido...)
- ✓ Aforro ecolóxico




O profesorado confirma claramente a portabilidade e a economía de espazos que supoñen os dispositivos de lectura electrónica. Resulta menos clara a cuestión das prestacións aínda que este aspecto poida estar directamente relacionada con cada un dos modelos cos que se está a traballar. En relación coa ergonomía, un 58% valora de forma moi positiva este aspecto (5 puntos), e un 63% valora tamén moi positivamente o aforro ecolóxico que supón o uso destes dispositivos.

4. Usos dos lectores electrónicos nos centros


Á hora de integrarse no Proxecto E-LBE os centros recibiron algunhas recomendacións, como xa se recolle o inicio deste informe, sobre os posibles usos que

poderían decidirse para os lectores nas bibliotecas. A través deste estudo podemos coñecer exactamente a utilización que se fixo destes dispositivos:




Diante destes datos podemos ver que un dos usos máis comúns foi o de introducir os lectores electrónicos nas aulas, realizando lectura libre ou dirixida, ben na “hora de ler” ou ben nunha determinada materia ou área de aprendizaxe.

Noutra imaxe podemos ver o peso, en relación ao total, de cada unha das posibles utilizacións dos lectores electrónicos, no conxunto dos centros do proxecto E-LBE e neste curso 2013/2014.



Un dos usos que supera o 50% é o de realizar préstamos en exclusiva aos integrantes do club de lectura:




Algúns usos que non estaban recollidos no formulario pero que aparecen no apartado "outros", na resposta dalgúns centros, son os seguintes:

- ✓ Os lectores electrónicos cargáronse con bibliografía especializada en pedagogía e metodoloxía e puxéronse a disposición do profesorado do centro.
- ✓ Os lectores incluíronse nas mochilas viaxeiras.
- ✓ Empregáronse na capacitación do profesorado, antes de poñelos a disposición do alumnado.
- ✓ Ofrecéronse en préstamo ás familias.
- ✓ Almacenamento de materiais elaborados pola biblioteca (escolmas, biblioxornais...) en formatos pdf, epub.

5. Profesorado/alumnado

Observando a totalidade dos centros E-LBE podemos ver que a porcentaxe do profesorado que fixo uso dos lectores electrónicos fluctúa, na meirande parte dos casos entre o 10 e o 50% dos docentes.



En relación co alumnado, houbo un número aproximado de **4.700 rapaces e rapazas** que **fixeron uso dos lectores electrónicos nas aulas ou na biblioteca** neste período 2012-2014. En canto aos alumnos e alumnas que **levaron en préstamo** individual os lectores electrónicos ás súas casas, o número aproximado foi de **2.050**, segundo se recolle nos datos presentados polos centros implicados neste programa. Así mesmo, outras 250 persoas da comunidade educativa (familias) fixeron, á súa vez, uso destes lectores electrónicos.

Preguntouse pola **percepción do alumnado sobre as vantaxes do lector electrónico respecto do libro impreso** (expresadas no proceso de uso dos mesmos). Repítense moito as valoracións positivas do alumnado en relación cos seguintes aspectos:

- ✓ O menor peso, a comodidade, a facilidade de uso e o feito de poder levar canda si un gran número de títulos.
- ✓ A posibilidade de cambiar o tamaño da letra, de poder consultar o dicionario e de navegar por internet.
- ✓ A comodidade que dá a función táctil de acceso directo ao dicionario e á enciclopedia.
- ✓ O dicionario incorporado facilita a lectura noutros idiomas.
- ✓ A posibilidade de ler con menos luz.
- ✓ A posibilidade de escoller entre varios títulos nun mesmo dispositivo.
- ✓ Son atractivos, cómodos, lixeiros, funcionais...
- ✓ Son fáciles de usar, aforran espazo á hora de transportalos.
- ✓ A existencia de materiais gratuitos para ler.
- ✓ A posibilidade de gardar música.
- ✓ Son elementos motivadores para a lectura.
- ✓ Cansan menos a vista.
- ✓ Pódese subliñar e tomar notas.

Pero o profesorado aínda fixo outras observacións que cómpre ter en conta:

- ✓ *Son novidades tecnolóxicas pero seguen a preferir o libro en formato papel.*
- ✓ *Lectura máis rápida e cómoda, pero sen moita diferenza con respecto ao libro tradicional.*
- ✓ *Motivación, curiosidade e comodidade.*
- ✓ *Posibilidade de ter toda unha colección de libros, por exemplo varios libros dunha mesma saga á vez.*
- ✓ *Cando levan un libro electrónico levan moitos libros. Se non lles gusta un collen outro sen moverse do sitio.*
- ✓ *Pareceulles moi interesante e mostraron interese en solventar os problemas técnicos iniciais.*

- ✓ *Gustaríalles que houbera máis lectores para non ter que agardar tanto pola súa quenda.*
- ✓ *A súa portabilidade e o atractivo dun recurso electrónico en cursos superiores. Menos atractivo nos cursos inferiores pola perda de cor nas ilustracións.*
- ✓ *A contribución dos e-lectores a un menor gasto de papel.*
- ✓ *Gustoulles bastante probalos como novidade e por non ter a posibilidade con anterioridade, pero a maioría dos que o fixeron consideraban que, de momento, prefiren o libro en papel porque lles resultaba "menos frío"*
- ✓ *O noso alumnado prefere maioritariamente seguir lendo en papel, pero vaise ampliando paseniñamente o número de alumnos (sobre todo do 1º ciclo da ESO) que solicitan libros en formato electrónico, posto que teñen de seu un dispositivo electrónico de lectura.*
- ✓ *Todos os alumnos que participaron na experiencia a consideran positiva ou moi positiva.*
- ✓ *Penso que non lle ven ventaxas. En xeral, o ven como un problema porque sinte unha maior responsabilidade por ser un dispositivo cun custe económico importante.*
- ✓ *O feito de ser un dispositivo electrónico xa é suficiente para despertar a curiosidade. Despois dunha primeira explicación e guía, os alumnos investigaron libremente e as dúbidas que ían xurdindo, intentaban solucionarlas entre eles mesmos. Para algúns nenos era a mesma sensación que ler un libro en papel e moi poucos botaban de menos o libro impreso.*
- ✓ *Suscita curiosidade como artefacto. É fácil de manexar (para usuarios habituais de dispositivos de nova tecnoloxía). Estimula máis a exploración que os libros impresos.*
- ✓ *Mayor interese pola lectura, por tratarse doutro soporte.*
- ✓ *Ao estar relacionado coas novas tecnoloxías, aumenta a súa motivación por ler*
- ✓ *Os libros electrónicos foron prestados inicialmente a catro alumnos moi lectores. Estes agradecen a dispoñibilidade de diversos títulos nun mesmo soporte pero, pola contra, comentan a falla de libros actuais. O equipo da biblioteca decidiu probar neste curso os lectores electrónicos só cos materiais dispoñibles gratuitamente e valorar para o curso seguinte a adquisición de novidades.*
- ✓ *En xeral, a percepción foi boa, mais non supera en aceptación ao libro impreso.*
- ✓ *Non teñen debuxo.*
- ✓ *Aos nenos gústalles este recurso e o queren na mochila viaxeira. Dominan o seu manexo con moita rapidez.*
- ✓ *A percepción inicial foi moi positiva pero logo o interese decae porque botan en falla elementos multimedia, a pesares de que desde o equipo de biblioteca, na formación, xa se lle falara de que era un lector de libros unicamente.*
- ✓ *É un obxecto próximo ós seus intereses*
- ✓ *O alumnado de Educación Primaria mostrou interese polo funcionamento dos dispositivos dende o principio ata o final de curso, tendo mais éxito canto maior era a idade de dito alumnado.*
- ✓ *Aos rapaces encántalles manexalos e o fan intuitivamente. Apenas houbo que explicarlles o seu manexo. A eles encántanlles as novas tecnoloxías. Teñen moitos libros almacenados neles e todos queren que lles chegue a quenda para ler neles. .*
- ✓ *Mayor facilidade para a busca do vocabulario descoñecido.*
- ✓ *É unha ferramenta moi intuitiva para os nenos.*
- ✓ *Aumento da motivación pola lectura aínda que botan en falta as ilustracións.*
- ✓ *Todo o alumnado que o probou mostrouse moi satisfeito. Determinados prexuízos que adoitan expresar os que nunca o empregaron (frialdade,*

impersonalidade, dependencia da batería...) malamente se manteñen despois da experiencia.

- ✓ *Son aínda reacios a ler no libro electrónico, sobre todo os lectores habituais.*
- ✓ *Poder ter a súa disposición todos os volumes das súas coleccións favoritas (nunca as máis novidosas porque non eran gratuítas).*
- ✓ *Somos un centro só de Educación Infantil polo que se nos facilitou poder cambiar a compra de lectores electrónicos por tablets, xa que os nosos alumnos son "aprendices lectores". Constatamos a forte motivación que supoñía para eles e a facilidade con que os manexaban.*
- ✓ *Gustaríalles que tiveran cores.*
- ✓ *Percibíanos coma unha modernidade que, ata telos na man, consideraban fora do seu alcance.*
- ✓ *Os nenos que levaron os e-readers foron xeralmente moi bos lectores. Gustoulles experimentar esta nova maneira de ler e valoraron a súa comodidade. Botaron en falta títulos de libros máis actuais.*
- ✓ *Prefiren libros de papel aos electrónicos.*

Tamén preguntaba o formulario pola **percepción do profesorado sobre as vantaxes do lector electrónico** respecto do libro impreso. Coínciden en moitas cuestións coa percepción do alumnado pero realizan outras achegas de interese:

- ✓ *As posibilidades de mellora na comprensión lectora non se comprobaron pois os alumnos non o acolleron con moito entusiasmo. Prefiren o papel.*
- ✓ *Aforro de espazo nas aulas, facilidade de búsqueda en internet de novas palabras e familiarización coas novas tecnoloxías.*
- ✓ *A cantidade de libros que podes ter en pouco espazo. O dicionario que permite consultar un significado no momento. Aumento do tamaño da letra. Moitos materiais gratuítos. Uso cómodo. Facilitade para a comprensión da lectura o poder consultar, por exemplo o significado dunha palabra, poder aumentar o tamaño da letra.*
- ✓ *O titor do curso de 6ºP, onde se utilizaron os lectores, destaca o interés pola lectura que amosou o alumnado durante este curso e a iniciativa para propoñer títulos para descargar. Tamén a súa portabilidade e a capacidade de almacenamento que repercute no coidado do medio ambiente.*
- ✓ *Pouco interés por probalos no centro (moitos deles teñen o seu propio e o empregan na casa).*
- ✓ *Facilitade á hora de consultar textos e fragmentos das obras.*
- ✓ *O profesorado de linguas valora positivamente a súa utilización na "Hora de ler" nas aulas*
- ✓ *É cómodo e manexar pero observamos dificultades na descarga, pois é incompatible con linux.*
- ✓ *O uso de dispositivos electrónicos de lectura é necesario por supor o presente e o futuro da lectura. Aínda que perviva o libro tradicional, débense abordar outros xeitos de lectura. Resulta un medio moi atractivo para o alumnado. Os e-reader son dispositivos que só teñen un uso centrado na lectura, mentres que as tablets poden ter máis usos. Maior motivación por parte do alumnado empregando as novas tecnoloxías.*
- ✓ *Hai división de opinións. Maioritariamente existen dúas posicións extremas. Algún profesorado négase a cambiar de soporte. Pola contra o que utiliza o libro electrónico resulta ser un apaixonado do soporte e non quere voltar ao libro tradicional.*
- ✓ *Bótanse en falta máis títulos en galego e maior facilidade para a descarga.*

- ✓ O equipo da biblioteca utilizou os lectores electrónicos coa finalidade de desenvolver unha guía de uso e valorar as posibilidades dos mesmos. Opinamos que este recurso é necesario na biblioteca escolar para que todos os alumnos poidan experimentar a lectura neste soporte.
- ✓ Ten a vantaxe de resultar motivador para a adquisición do hábito de lectura
- ✓ En xeral, a percepción foi boa, mais non supera en aceptación ao libro impreso.
- ✓ É atractivo para eles, gústalles como novidade o soporte pero hai que ler igualmente. A quen lle gusta ler dalle igual o soporte pero a quen non lle gusta tanto ánimo.
- ✓ Percíbese máis ben unha preferencia polo libro impreso.
- ✓ O profesorado di que con tan poucos exemplares (3 para todo o colexio) é imposible sacarlle rendemento a nivel de aula.
- ✓ O prezo dos novos fondos é moito máis barato.
- ✓ Houbo disparidade de opinións: a algúns lles encanta o sistema o ven todo vantaxes: peso, espazo, posibilidades de uso compartido... Unha idea interesante é compartir lecturas nun grupo-clase na hora de ler, pero non se puido pór en marcha. A outros lles parece que é un "lío" descargar o material, administrar un novo trebello informático, estar pendente de cargalos, e incluso que non o ven ecolóxico.
- ✓ Vantaxes ecolóxicas.
- ✓ Favorece o desenvolvemento da lectura e facilita a lectura de documentos elaborados como apoio didáctico nas aulas por parte do profesorado.
- ✓ O traballo de motivación é moito menor. O número de títulos ao seu alcance é moito maior. Permite facer traballo individualizado.
- ✓ Os mestres aos que se lles prestou individualmente foron os da etapa de Educación Infantil por considerar cos nenos desta etapa son moi pequenos para o uso individualizado do libro electrónico. Ditos mestres comentan que para o seu alumnado resulta un método de lectura pouco atractivo por non presentar imaxes e ser en branco e negro o texto.
- ✓ É un recurso moi atractivo e motivador para crear hábito lector. O curso pasado, algúns pais acercáronse ás titorías, al final de curso, para consultar cos titores a pertinencia de regalarlle un aos seus fillos como premio polas notas. Durante o presente curso, máis pais se animaron a mercallo aos seus fillos tras a insistencia deles e preguntados posteriormente polo seu uso na casa, todos coinciden que agora os seus rapaces len máis. Os rapaces tráennos ao centro para que lles carguemos libros. A desvantaxe é a falta de cor. Aínda que algúns dos que mercaron as familias para os seus fillos xa teñen cor. Outra desvantaxe é a dificultade para atopar ebooks en galego.
- ✓ Evitar peso nas mochilas escolares...
- ✓ Portabilidade, ecoloxía, motivación para os alumnos...
- ✓ A mellor idade para comezar a usar os ereaders sería a partires de terceiro ciclo. Pode converterse nun recurso atractivo para aqueles alumnos que teñan un especial interese polas TIC.
- ✓ Centra visualmanete a atención sobre determinados elementos da lectura, facilitando as tarefas a desenvolver.
- ✓ Adquiren maior riqueza léxica.
- ✓ Facilitade para traballar as distintas linguas (castelán, galego, inglés, francés)
- ✓ Rápida é fácil adaptación para manexalos o alumnado.
- ✓ Posibilidade de dispór de lecturas gratuítas.
- ✓ Interese despertado no alumnado por descubrir a lectura neste tipo de formato
- ✓ As vantaxes do lector dixital, respecto do libro tradicional son relativas. Indubidablemente, a maior vantaxe reside na comodidade, na fácil portabilidade de gran cantidade de libros nun espazo reducido e no rápido almacenaxe. Apenas ocupan espazo físico. Este soporte supón ademais unha medida de

aforro para os lectores, e facilita ao editor a posibilidade de publicar moitos máis libros, debido ao baixo coste que supón colocar no mercado un novo título neste formato. Porén, non podemos confundir o acto de ler, co soporte empregado. O acto de ler, non é algo físico, supón unha reflexión, un proceso de inmersión na historia relatada, nos sentimentos expresados... polo tanto o soporte físico empregado, pode influír nesa actividade relativamente, pero non constitúe un aspecto determinante. Con respecto a outros dispositivos electrónicos, coma as tabletas, portátiles e móbiles, empregan a tecnoloxía de tinta electrónica e non teñen retro-iluminación. Isto, a mais de ofrecer unha experiencia similar a ler nun libro de papel, sen cansancio para a vista, permite ter un consumo moi baixo de batería, pois só hai un consumo perceptible para o equipo cando se cambia de páxina. Nembargantes, non todo son vantaxes, se naufragáramos nunha illa deserta, só poderíamos ler durante un mes; o libro tradicional, podería ser disfrutado toda unha vida

- ✓ *A pesar de perder parte do ritual tradicional dun libro, perda do olor e tacto, os libros electrónicos presentan vantaxes fronte o libro tradicional entre as máis destacables podería citar:*
 - *non ocupan espazo físico*
 - *son máis baratos*
 - *facilitan enormemente o acceso á lectura para persoas con deficiencia visual.*


Aínda que todavía hai que mellorar determinados aspectos como o acceso a libros actualizados a un precio asequible para unha biblioteca escolar.

- ✓ *Moi bó para cursos maiores, dispor dun lector por alumno pode permitir lecturas conxuntas de máis libros a un menor custe, sempre que existan títulos axeitados e en oferta. Ademais é un alivio na carga, aínda que é unha responsabilidade maior estragar un lector que un libro.*
- ✓ *Boa parte do profesorado xa era usuario dos lectores electrónicos. Algúns dos que os probaron xa o adquiriron.*
- ✓ *Unha alternativa motivadora á lectura en papel, máis próxima aos formatos aos que están acostumados os nenos/as. Un recurso interesantísimo para compensar desigualdades desde a biblioteca escolar. Útil para os itinerarios lectores, sempre que haxa suficientes lectores electrónicos, abarataría custes na compra de varios exemplares dun mesmo título. Boa opción tamén para os clubs de lectura. Precisan de formación de usuarios/as (profesorado e alumnado) para quitarlles todo o seu partido. Falta material en galego, a oferta en castelán empeza a ser competitiva con respecto ao papel.*
- ✓ *Gran motivación do alumnado ante os libros electrónicos e a maior diversidade de títulos aos que poden acceder as/os alumnas/os.*
- ✓ *O profesorado estivo moi satisfeito con este equipamento. Estamos barallando a posibilidade de mercar máis Tablets para o curso que ven.*
- ✓ *O profesorado ve neles unha boa ferramenta para o fomento da lectura.*
- ✓ *"Grandes bibliotecas nun pequeno espazo". Apreciamos as vantaxes dun recurso novo e motivador para o noso traballo por proxectos, tanto dos proxectos de aula como do proxecto integral de centro.*
- ✓ *A maioría do profesorado, aínda que os utilizou, estaba máis a favor do libro tradicional.*
- ✓ *O primeiro paso foi facelos circular entre o profesorado. O efecto: 5 profesores/as mercaron un propio. Tiveron, pois, entre profesorado e alumnado un importante factor de divulgación e familiarización.*
- ✓ *Polo momento aínda non é moi doado, por parte de moito do profesorado, mudar a visión clásica do libro impreso, na biblioteca. É cuestión de práctica.*

De todas estas observacións, tanto do alumnado como do profesorado, dérivase que os lectores electrónicos entraron nas bibliotecas escolares e nos centros con intención de ficar. Aínda que se observan algunhas resistencias e mesmo hai contradicións respecto ás preferencias do alumnado polos libros impresos ou pola lectura nos novos dispositivos, o que si parece é que teñen moitas vantaxes para alumnado e tamén para o profesorado, como apoio á súa función docente, na medida en que facilita certas tarefas no tratamento dos textos en prácticas de lectura, por exemplo, ademais de favorecer o achegamento aos textos polas súas características motivadoras e de contribuír, deste modo, ao fomento da lectura.


6. Valoración do equipo da biblioteca

Pedíuse que os equipos de biblioteca dos centros integrados no programa E-LBE fixeran unha valoración dos lectores electrónicos en relación coa súa contribución á adquisición de hábitos de lectura e de competencias clave como as habilidades no uso e produción de información, entre outras.




En relación coa **contribución dos lectores electrónicos ao fomento da lectura** do alumnado a valoración do profesorado é altamente positiva. Un 40% dos equipos de biblioteca dos centros integrantes no proxecto E-LBE valora coa máxima puntuación (5) os lectores electrónicos como equipamento motivador e útil para achegar a lectura ao alumnado. Se se considera positivo as valoracións 4 e 5, o 77% dos equipos valoran positivamente os lectores electrónicos neste ámbito de actuación da biblioteca escolar.

Outro dos aspectos a valorar é a **utilidade destes lectores electrónicos para avanzar na formación de usuarios e usuarias de bibliotecas**, un dos ámbitos de actuación da biblioteca escolar. Tamén aquí a valoración do profesorado dos equipos de biblioteca é positiva, aínda que nun grado algo menor que no aspecto anteriormente tratado.




Segundo vemos no gráfico, un 61% valora de forma positiva (4 e 5) este recurso para conseguir que o alumnado coñeza as fontes informativas e aprenda a localizalas e utilízalas, así como a moverse con fluidez entre os recursos que a biblioteca escolar lle ofrece.

Un terceiro aspecto sobre o que se pedía a valoración dos equipos de biblioteca era a **contribución dos lectores electrónicos á adquisición de habilidades no uso e produción de información**, a denominada competencia informacional, unha das competencias clave para o alumnado do século XXI.



Neste aspecto, a valoración do profesorado dos equipos de biblioteca volta ser positiva (4 e 5) nunha porcentaxe moi ampla, o 57%. Hai unha porcentaxe importante deste profesorado que non valora especialmente útiles estes dispositivos para o traballo coa información, o que vén refrendar tamén as valoracións cualitativas recollidas anteriormente neste informe: os lectores son útiles cando o único que se pretende é a lectura dun texto. Aínda que teñan acceso a internet, a súa operatividade para as buscas de información vese limitada a certas cuestións (uso de dicionarios, por exemplo).


Outro aspecto sobre o que se pedía valoración ao profesorado era a **contribución dos lectores electrónicos á adquisición de competencias básicas**.




Novamente a valoración do profesorado é positiva (4 e 5) nun 59%. Á hora de detallar as competencias que se vén favorecidas co uso dos lectores electrónicos, o profesorado fai as seguintes achegas:

- ✓ *Facilitan a adquisición da competencia en comunicación lingüística e de tratamento da información e competencia dixital.*
- ✓ *Coa utilización dos lectores foméntanse as competencias básicas na utilización das novas tecnoloxías, as competencias lectoras, aprender a aprender. Foméntase a autonomía, o coñecemento do mundo doutro xeito diferente, o respecto á natureza, xa que é un xeito de coidar o ámbito polo aforro de papel.*
- ✓ *Axudan á adquisición da competencia en comunicación lingüística, aprender a aprender e competencia dixital (manexo dos propios lectores e dos recursos que estes lles ofertan: dicionarios, comentarios en liña, artigos...).*
- ✓ *Trabállanse as seguintes competencias:*
 - *Aprender a aprender: almacenar e recuperar información.*
 - *Matemática: libro motivador por pistas (fraccións, operacións combinadas...)*
 - *Autonomía e iniciativa personal: responder con seguridade e autonomía na xestión dos e-books.*
 - *Emocional: Son quen de valorar o seu proceso lector.*
 - *Social e cidadá: Colaborar no seu coidado, compartir os e-books, pedir e prestar axuda, participar de forma colaborativa na realización das diferentes tarefas a desenvolver e formular suxestións de forma educada.*
 - *Lingüística: Distinguir as ideas principais das secundarias. Comprensión lectora. Identificar e investigar sobre o vocabulario. Ler de forma axeitada.*
 - *Dixital e do tratamento da información: iniciar e apagar o dispositivo. Localizar e utilizar elementos básicos do e-book. Buscar, localizar, organizar e comunicar información usando estes dispositivos.*

Tamén se pediu a valoración dos equipos de biblioteca sobre o **grao de satisfacción en relación co uso destes dispositivos por parte do alumnado.**



Tal e como se observa no gráfico, unha porcentaxe ampla, o 83%, do profesorado que forma parte dos equipos de biblioteca manifesta un alto grao de satisfacción (4, 5) polo uso que o alumnado foi quen de facer cos dispositivos de lectura electrónica. Se observamos o **grao de satisfacción en relación coa receptividade por parte da comunidade educativa das iniciativas da biblioteca referidas á lectura dixital**, os datos son tamén moi alentadores:



O 69% dos equipos de biblioteca maniféstanse satisfeitos (valoracións 4 e 5) coa receptividade que atoparon na comunidade educativa en relación coas súas propostas de lectura dixital, ao incorporar os lectores electrónicos ás iniciativas da biblioteca.

7. Suxestións do profesorado

Os equipos de biblioteca dos centros integrados neste programa E-LBE poñen de manifesto a súa preocupación por ofrecer libro galego aos seus lectores, en formato dixital, cuestión que non resulta doada pola escaseza de títulos tando de dominio público como nas distribuidoras de libro dixital.

Unha das cuestións que máis se repiten é a dificultade para acceder a libro electrónico actual pola inexistencia dunha plataforma á que poidan acceder as bibliotecas escolares para a descarga de libros para os seus lectores. A adquisición dos libros no mercado on line para incluír textos actuais nos lectores electrónicos suma máis

dificultades porque os centros teñen problemas á hora de realizar os pagos, polas esixencias ou limitacións das casas distribuidoras que non son doadas de resolver desde a contabilidade dun centro educativo (tarxetas prepago, contas paypal, etc.).

Xorden tamén dificultades á hora de rexistrar e catalogar os recursos electrónicos dispoñibles nos lectores, ou á hora de rexistrar o préstamo:

Atopámonos con moitas dificultades para poder mercar os libros como centro. Tampouco tiñamos moi claro como catalogar os libros que contén cada lector nin como facer o préstamo. Ao final decidimos utilízalos na biblioteca como uso individual, na Hora de ler para que os usuarios se fosen familiarizando con eles e decidimos comezar o préstamo individual só cos membros do club de lectura. A experiencia en xeral, é positiva co alumnado pero temos moito traballo por diante co profesorado que nunha porcentaxe elevada amosa rexeitamento ou receo contra este soporte.

Outras valoracións no mesmo sentido:

Consideramos que o soporte electrónico debe formar parte do catálogo da biblioteca escolar para reducir as desigualdades sociais pero os materiais dispoñibles no mercado teñen aínda un elevado prezo e limitan a súa circulación.

O profesorado reclama máis material en lingua galega:

Hai pouquísimo material en galego. De información non topamos nada! E de ficción moi pouca cousa. Porén, o lector que mercamos, o BQ, ten a opción en galego do sistema operativo, algo que valoramos moi positivamente, pero os dicionarios son en inglés e castelán unicamente. Sería moi conveniente facer unha plataforma onde se puidesen descargar libros electrónicos en galego en formatos xa preparados

Algunhas suxestións formulan dúbidas de interese:

- ✓ *Os libros infantís non se adaptan ben a este tipo de dispositivos, en cambio as tablets poden facer a dobre función de lectura dixital e de ordenador portátil. A isto hai que engadir o atractivo do color e a súa versatilidade, converténdose nun competidor en desigualdade sobre todo para o alumnado de infantil e os primeiros cursos de primaria.*
- ✓ *Isto necesita tempo. Non é fácil calcular a rendibilidade do investimento nin a un prazo de tres ou catro anos. Adquirimos lectores ou libros? Cal será a evolución e persistencia dos lectores? Como se definirá legalmente a adquisición-préstamo dos libros? Como progresará a adquisición dos mesmos por parte do alumnado? De que xeito se nos abre outro elemento de discriminación que volve comprometer á BE como mecanismo de compensación? Poderemos? Son demasiadas preguntas sobre un elemento (o libro) que ata hai pouco era o noso "factor de estabilidade". Claro que as iremos resolvendo. Teremos que reservar unha parte do orzamento para lectores e e-libros (os catro dos que dispuxemos este curso non son suficientes) e ir dando pasos calculados.*

A meirande parte das suxestións do profesorado gardan relación coa dispoñibilidade de títulos en formato electrónico suficientes e asequibles desde unha plataforma, preferentemente, integrada no programa informático das bibliotecas escolares. Algunhas propostas sobre este aspecto:

- ✓ *Sería moi conveniente facer unha plataforma onde se puidesen descargar libros electrónicos en galego en formatos xa preparados.*
- ✓ *Integrar a xestión destes dispositivos no programa Meiga, incluíndo outras especificidades como tempos de empréstitos diferentes a dos outros materiais, alarmas ao producirse retrasos nas devolucións, persoa que recolle o dispositivo...*

Necesitase unha maior facilidade para acceder e comprar os libros dixitais e unha política de prezos máis axeitada ás bibliotecas escolares.

- ✓ *Arbitrar algún sistema conxunto para a adquisición de títulos. Que nos facilite a vida e non nos faga dar moitas voltas, algunha delas, incompatible cos métodos de funcionamento económico dos centros públicos.*

Tamén se fai referencia nas suxestións á necesidade de formación:

Non estaría de máis facer algunha xornada sobre a lectura dixital para unha mellor formación neste ámbito do profesorado responsable da Biblioteca.

A pesar das dificultades no acceso aos libros, o profesorado é optimista en xeral:

A experiencia é moi positiva e temos como obxectivo para o seguinte curso poder dotar unha aula completa cos dispositivos e aprobeitalos para empregarlos na hora de ler no terceiro ciclo.

8. Materiais elaborados

Os equipos de biblioteca elaboraron gran variedade de materiais para informar, difundir, xestionar e supervisar a utilización dos lectores electrónicos por parte do alumnado, do profesorado e das familias:

- Normas de uso. Guías de usuarios dos libros electrónicos
- Impresos para a autorización das familias
- Contratos de préstamo dos lectores
- Dípticos informativos sobre os lectores electrónicos.
- Presentacións sobre os libros e a lectura en formato dixital
- Recursos LIM sobre as operacións básicas para o manexo dos *e-readers*.
- Escolmas de textos en galego para incluír nos lectores.
- Selección de recursos para traballar contidos dos proxectos por niveis.

Moitos destes recursos están recollidos na páxina de Bibliotecas Escolares de Galicia, no apartado PROXECTO E-LBE (recursos) e dispoñible no seguinte enderezo:

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=category/16/66>



9. Conclusións

O proxecto E-LBE foi unha oportunidade para introducir os dispositivos de lectura dixital nas bibliotecas escolares, motivar ao profesorado a coñecer as súas posibilidades e facilitar ao alumnado oportunidades de achegamento ao libro dixital, nun contexto de aprendizaxe e coa guía do profesorado.

O proxecto E-LBE permitiu que o alumnado das zonas rurais, con menos acceso ás últimas novidades tecnolóxicas por razóns ben diversas, puidese achegarse á realidade do libro electrónico e vivir a experiencia da lectura neste tipo de dispositivos. Desta forma, a biblioteca escolar podía cumprir unha das súas funcións, a de paliar as desigualdades no acceso aos recursos culturais. Cómpre lembrar que a ubicación do centro en concello de baixa densidade de poboación foi un dos criterios á hora de atender as solicitudes de participación neste programa.

Desde o seguimento do programa de bibliotecas escolares (Plan de mellora de bibliotecas escolares) obsérvase que os centros integrados neste programa continúan as súas actividades en relación coa lectura dixital, xa con maior seguridade. Por outra parte, foron moitos os centros educativos que, aínda que non recibiran orzamento específico para o libro dixital, adquiriron lectores electrónicos co orzamento da biblioteca ou do propio centro, amosando interese por facilitar estes recursos ao seu alumnado.

Seguen existindo problemas para o acceso a títulos actuais que se poidan ofrecer en préstamo ao alumnado desde as bibliotecas escolares e os materiais dispoñibles en dominio público son realmente insuficientes.

A recente plataforma para o préstamo do libro dixital en bibliotecas públicas GALICIA LE é un camiño a percorrer, tamén, polas bibliotecas escolares. Agardamos que se poidan solucionar os problemas técnicos e orzamentarios que dificultan, polo momento, ás comunidades educativas acceder ao catálogo de libro electrónico dispoñible nesta plataforma desde as súas bibliotecas escolares.

Por outra parte as biblioteca seguen a demandar sistemas de préstamo de libro electrónico que lles permita integrar os contidos nas propias coleccións, diversificando así a oferta e como único medio de asegurar que a colección responde realmente ás

necesidades dos seus usuarios (alumnado, profesorado e familias) no contexto educativo, para garantir o seu acceso á lectura e á información, e preservando o papel da biblioteca como espacio social de construción do coñecemento e de cohesión social, facilitando a todos los recursos culturais disponibles.

Santiago de Compostela, 15 decembro de 2014

Asesoría de bibliotecas escolares

ANEXOS

Contido do Formulario remitido aos centros (*en formato electrónico e para responder vía web*)

1. CARACTERÍSTICAS DOS LECTORES ELECTRÓNICOS (*Valore de 1 a 5, sendo 1 o de menor valor*)
 - 1.1. Atractivo do dispositivo para o alumnado
 - 1.2. Utilidade na biblioteca escolar
 - 1.3. Posibilidades de uso para o profesorado
 - 1.4. Facilitade de uso para o alumnado
 - 1.5. Adaptación ao alumnado e ás súas necesidades
 - 1.6. Oportunidade ou pertinencia deste recurso nas bibliotecas escolares
 - 1.7. Capacidade para estimular o gusto pola lectura
 - 1.8. Vantaxes e inconvenientes dos dispositivos empregados (no caso de ter varios; detallar marca e modelo)
 - 1.8.1. dispositivo 1
 - 1.8.2. dispositivo 2
 - 1.8.3. dispositivo 3
2. RESPECTO DA XESTIÓN DOS DISPOSITIVOS PARA O SEU USO (*Valore de 1 a 5, sendo 1 o de menor valor*)
 - 2.1. Dificultade ou facilidade para a descarga de libros electrónicos de dominio público.
 - 2.2. Dificultade ou facilidade para a adquisición de libros electrónicos “de pago”
 - 2.3. Posibilidades de acceso a libros electrónicos de dominio público
 - 2.4. Posibilidade de acceso a libros electrónicos “de pago” desde a biblioteca escolar
 - 2.5. Fórmula empregada para o préstamo de libros electrónicos a través dos lectores electrónicos, na biblioteca escolar
3. VALORACIÓN DAS VANTAXES QUE SE LLE SUPOÑEN AOS LECTORES ELECTRÓNICOS (*Valore de 1 a 5, sendo 1 o de menor valor*)
 - 3.1. Portabilidade (capacidade para levar varios libros nun só dispositivo)
 - 3.2. Economía de espazos (maior número de títulos a disposición dos lectores na biblioteca, en menor espazo)
 - 3.3. Prestacións (permite o subliñado, a selección do tamaño da letra, etc.)
 - 3.4. Flexibilidade (posibilidade de ler o mesmo título desde distintos dispositivos de lectura: ordenador, e-reader, tableta...)
 - 3.5. Ergonomía (lectura cómoda, consumo reducido...)
 - 3.6. Aforro ecolóxico
4. USOS QUE SE LLE DERON NO CENTRO (*marque cun X os usos*)
 - 4.1. Lectura libre na biblioteca escolar
 - 4.2. Lectura dirixida na biblioteca escolar
 - 4.3. Lectura libre ou dirixida nas aulas (na Hora de ler, nunha determinada área ou materia)
 - 4.4. Préstamo individual ao profesorado
 - 4.5. Préstamo individual ao alumnado
 - 4.6. Préstamo exclusivo aos integrantes do club de lectura
 - 4.7. Préstamo exclusivo a un determinado grupo de alumnos (por nivel de ensinanza, por hábito de lectura...)
 - 4.8. Utilización polo profesorado para exemplificar posibilidades da lectura nas aulas
 - 4.9. Outros (especificar)
5. PROFESORADO/ALUMNADO
 - 5.1. Porcentaxe de profesorado do centro que empregaron os lectores electrónicos
 - 5.2. Número aproximado de alumnos/as que o empregaron nas aulas ou na biblioteca
 - 5.3. Número aproximado de alumnos/as que o levaron en préstamo individual

- 5.4. Outros membros da comunidade educativa que fixeron uso destes dispositivos (número aproximado)
 - 5.5. Percepción do alumnado sobre as vantaxes do lector electrónico respecto do libro impreso (expresadas no proceso de uso dos mesmos)
 - 5.6. Percepción do profesorado sobre as vantaxes do lector electrónico respecto do libro impreso (expresadas no proceso de uso dos mesmos)
6. VALORACIÓN DO EQUIPO DA BIBLIOTECA (respecto das posibilidades dos lectores electrónicos para apoiar os distintos aspectos) (*Valore de 1 a 5, sendo 1 o de menor valor*)
- 6.1. Fomento da lectura desde a biblioteca escolar
 - 6.2. Formación de usuarios da biblioteca
 - 6.3. Adquisición de habilidades no uso e produción de información
 - 6.4. Adquisición de competencias básicas (detallar)
 - 6.5. Grao de satisfacción en relación co uso destes dispositivos por parte do alumnado
 - 6.6. Grao de satisfacción en relación coa receptividade por parte da comunidade educativa das iniciativas da biblioteca referidas á lectura dixital.
7. SUXESTIÓNS
8. MATERIAIS ELABORADOS (Guías de uso e outros). Enviar copia.